



PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO ESPECIAL NA ÁREA DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEMANENTO

Asto.: Incoación e informe xustificativo da necesidade do procedemento do contrato menor da obra "AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA -CELA"

I. PROXECTO DE OBRA E FINANCIAMENTO

Por resolución de alcaldía (RA) núm. 128/2016 de 29.02.2016 aprobouse o proxecto da obra AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA (CELA), de febreiro de 2016 subscrito polo arquitecto técnico municipal, Alfredo de la Campa Fervenza, polo importe de 33057,85.-€ sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% (6942,15 €), que supón un total de 40000.-€.

En data 01.04.2016 ditouse Resolución da Presidencia (RP) da Deputación de Pontevedra (rf. Expdte 2016008664), en base ao informe-proposta da xefa do servizo de Cooperación, concedendo unha subvención por importe de 40000,00 euros que se destinará ao financiamento do investimento denominado AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA -CELA, da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local do concello de Bueu en sesión ordinaria celebrada o 18 de abril de 2016.

Neste senso, o proxecto conta co financiamento ao 100% da Deputación provincial de Pontevedra, con cargo ao PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2016 (PPOS 2016/Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 233 de 2.12.2015), por mor da RP da Deputación provincial de 01.04.2016.

A participación da Deputación provincial xustifícase na súa vontade de " (...) colaborar cos concellos na prestación dos servizos públicos segundo o seu tamaño e a súa poboación. Trátase, polo tanto, de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, asegurando para o conxunto dos veciños unha prestación axeitada e íntegra dos servizos de competencia municipal pero desde a base dunha maior eficacia, eficiencia e coordinación, tal e como se dispón na Lei 7/85, de 2 de abril. (...)"

II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN

A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 22 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCS) resulta do carácter público da actuación proxectada en virtude de competencias recoñecidas ás Entidades locais en materia de "Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales" prevista no art. 25.2.c) da Lei 5/87 de Réxime Local (LBRL) e de acordo coa consideración de servizo básico obrigatorio previsto no artigo 26.1.a) da citada norma ao "alcantarillado".

No senso sinalado no paragrafo anterior, o arquitecto técnico municipal, na memoria do proxecto redactado en febreiro de 2016, aprobado por RA núm. 128/2016 de 29.2.2016, sinala a necesidade da obra para dotar a zona sinalada en A Pousada sita na parroquia de Cela dunha rede de saneamento para a eliminación de augas fecais conectándoa a existente en Castrelo.

Visto o informe subscrito polo arquitecto técnico municipal en data 29.2.2016 facendo constar que os camiños aparecen recollidos no Documento de aprobación definitiva do Inventario de Camiños de Titularidade municipal da Parroquia de Cela, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 3.6.2013, cos códigos IVCE-036, IVCE-038, IVCE-008 e IVCE-106 respectivamente. Asemade o arquitecto técnico municipal informa que camiños obxecto do proxecto non teñen ningún tipo de afección, existindo ademais plena dispoñibilidade dos mesmos para as as execucións dos traballos proxectados.

Logo dos antecedentes detallados, a obra proxectada ten a consideración de obra local en aplicación do disposto no art. 88 do Real decreto 781/86 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, polo que, en base ao anterior, propoño a incoación do proceso de adjudicación do seguinte contrato menor de obra e aprobación do correspondente cadro de características do mesmo:



III. CADRO CARACTERÍSTICAS DA OBRA “AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA (CELA)” (PPOS 2016)

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Duración
- Procedemento e Tramitación
- Proposicións
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

III. 1. OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/C18-16	Órgano xestor: Alcaldía (Consta efectuada delegación)	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato: Concellería delegada especial na área de abastecemento de auga e saneamento Delegación xeral e especial de atribucións e funcións contida na resolución de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015).	
Título:“AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA (CELA)”		
CPV: 45111213-4, 45112100-6, 45112500-0,45112310-1,45232440-8,45233251-3		CNAE:Sección E 3700,3811,3821,3831,3832

III.2. PREZO E FORMA DE PAGO

Valor estimado: 33.057,85.-€-	
IVE: 21%	
Importe IVE: 6.942,15 €	
Importe total: 40.0000.-€. IVE incluído	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 160.609.01 do orzamento vixente	
FINANCIACIÓN: 100% financiado por PPOS 2016 Resolución da Presidencia (RP) da Deputación de Pontevedra (rf. Expdte 2016008664) (RE núm. 2459 de 07.04.2016)	
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.	CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

III.3 DURACIÓN

PRAZO DE EXECUCIÓN: UN (01) MES

III.4 PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Contrato menor	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: único criterio:
------------------------------	--



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:Pr/S/C18/16

	prezo
REVISIÓN PREZOS: Non	VARIANTES/MELLORAS: NON
DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN: Anexos tipo relativos á “modelo de oferta económica” e “Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións”.	
DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN: O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento.	
Plan de Seguridade e Saúde: Preceptivo (de acordo co Real decreto 1627 de 24.10.1997 polo que se implanta a obriga da inclusión de un Plan de Seguridade e Saúde nos Proxectos de Edificación e Obras Públicas.	
FORMA PREFERENTE DAS NOTIFICACIÓNS/COMUNICACIÓNS: FAX OU CORREO ELECTRÓNICO sempre que medie aceptación expresa da persoa que concorra.	

III.5. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitadas, as que concurran dentro do prazo de 08 días naturais posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal
LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite
TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal
COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador
ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org)
DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org ou secretaria@concellodebueu.org cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de ofertas.
PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

III.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Director de obra. Arquitecto técnico municipal, Alfredo de la Campa Fervenza. correo electrónico: aparellador@concellodebueu.org

III.7.- RÉXIME DE GARANTÍAS

Garantía provisional: non esixible	GARANTÍA DEFINITIVA: SI
PRAZO DA GARANTÍA DEFINITIVA: 1 ANO, contado a partir da data do día seguinte o da firma da acta de de recepción.	
FORMALIZACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA: Mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP	



IMPORTE GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación

III.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP e RGCE
- As que resulten do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- As que resulten da Lei 32/2006 de 18 de outubro reguladora da subcontratación no sector da construción
- As que resulten da Lei 38/1999 de 5 de novembro de Ordenación de Edificación e demais normativa que a desenvolva
- As que resulten do Real decreto 105/2008 de 1 de febreiro polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- As que resulten do proxecto de obra "AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA (CELA)" de febreiro de 2016, suscrito polo arquitecto técnico municipal, Alfredo de la Campa Ferverza.
- As que resulten das ordes que ao efecto emita o responsable do contrato
- As que resulten das Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2016 (BOP Núm. 233 de 2.12.2015)
- As que resultan da resolución da Presidencial da Deputación de Pontevedra de data 01.04.2016.
- OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Deputación de Pontevedra mediante resolución da Presidencial da Deputación de Pontevedra de data 01.04.2016: a obra deberá estar executada e xustificada na súa integridade a 31.12.2017

Xúntase ao presente os seguintes Anexos: "Modelo de oferta económica", e "Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións".

Asemade, xúntase ao presente os documentos acreditativos dos feitos sinalados xunto co correspondente documento de retención de crédito de data 09.05.2016.

Bueu, 09 de maio de 2016

O concelleiro delegado especial na área de abastecemento de auga e saneamento
Fidel Castro Quiroga

Vº e prace

O concelleiro delegado xeral da área de Medio ambiente urbano e servizos
Manuel Otero Pérez



ANEXO

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

“D/D^a.....maior de idade, veciño de.....
e con DNI nº..... en nome propio ou en representación da Empresa,
..... con domicilio social en.....
....., e NIF nºao obxecto de participar no procedemento para a contratación de
“.....”,
manifesta o seguinte:

- Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Bueu.
- Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha as características e condicións para a contratación que se relacionan no cadro resumo contrato, aceptando integramente os termos, e obrigas contidos no mesmo, sen excepción, así como as obrigas sobre protección do emprego, condicións de traballo, prevencións de riscos laborais e protección do medio ambiente.
- Comprométese, en nome propio ou da empresa que representa, a levar a cabo a contratación, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidas, polo prezo de.....(en letra e número) IVE EXCLUIDO. Correspondéndolle a esta cantidade un IVE de..... € (en letra e número), polo que o importe total, IVE incluído, ascende á cantidade de..... € (en letra e número) .

(No suposto de existir na oferta erros aritméticos, materiais ou de feito nos cálculos do IVE do total ofertado, tomarse o valor da base imponible (importe inamovible) para calcular o importe total da oferta económica consignada na proposición do licitador.)

En , ade de 2016

(Lugar, data e sinatura do licitador)



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:Pr/S/C18/16

ANEXO

DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE COMUNICACIÓN/NOTIFICACIÓN:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/D^a _____ , no seu propio
nome _____ (ou na representación da empresa
_____), acepto expresamente que as
comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación relativa ao contrato menor
da obra "AMPLIACION DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA (CELA)", se
realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ E/OU ao correo
electrónico _____

En _____, a _____ de _____ de 2016

Selo e sinatura do licitador,